



Ficha didáctica *A CAZOLA DE LOLA*

A presente ficha didáctica pretende dar ao profesorado un instrumento de traballo, de xeito que a asistencia á representación sexa para o alumnado unha experiencia que posibiliba a adquisición de coñecementos, desenvolvemento da creatividade, capacidade de reflexión... aspectos indispensables na formación integral como persoas que forman parte da sociedade. Nesta proposta recóllense actividades para antes de asistir á representación (de coñecementos previos) e de despois de ver o espectáculo teatral, tendo en conta a motivación do mesmo sobre os nenos/as.

As actividades suxeridas son sinxelas e de realización relativamente rápida xa que son só un apoio para o profesorado que será o encargado de dirixilas e adaptalas ao alumnado e aos tempos dispoñibles.

PÚBLICO OBXECTIVO

Esta obra, baseada no conto “ La petite casserole D'Anatole” de Isabelle Carrier, está adaptada por Cándido Pazó e pola compañía Tanxarina, vai dirixida a un público familiar e se recomenda que os nenos e nenas que asistan ás representacións teñan 5 anos ou máis. Polo tanto A CAZOLA DE LOLA está dirixida a tódolos ciclos formativos de EDUCACIÓN PRIMARIA, e dicir, para todos os nenos e nenas de 6 a 12 anos.

INDICE DE CONTIDOS:

- A. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS NOS QUE SE BASEA.
- B. OBXECTIVOS.
- C. MATERIAS NAS QUE INCIDE.
- D. PREPARÁNDONOS PARA IR AO TEATRO.
- E. ACTIVIDADES PREVIAS A REPRESENTACIÓN.
- F. ACTIVIDADES POSTERIORES A REPRESENTACIÓN.



A- PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS NOS QUE SE BASEA.

A etapa de E.P é a base na que se sustentan os coñecementos, o desenvolvemento das capacidades e os alicerces da personalidade dos nenos/as.

As competencias que deben ir adquirindo, ao longo da vida, e que serán as que fagan posible un desenvolvemento eficaz toman forma nesta etapa escolar dun xeito crucial. A aprendizaxe por competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral e require metodoloxías activas e contextualizadas, propónse, por isto, introducir estratexias interactivas, proxectos colaborativos que teñan efecto na comunidade educativa.

B – OBXECTIVOS.

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos e a superación de dificultades.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, así como actitudes de confianza en sí mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade e espírito emprendedor.

- Comprender que a inclusión é recoñecer que todas as persoas teñen habilidades e potencialidades propias, distintas ás dos demais, polo que as distintas necesidades exixen respostas diversas. Valorar a diversidade e concienciar do respecto e a tolerancia.

- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega.

- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia.

- Fomentar o interese pola realidade social, a crítica constructiva hacia ela e a sensibilización cos problemas do seu entorno.



C- MATERIAS NAS QUE INCIDE.

Nesta etapa educativa a transversalidade na aprendizaxe é un feito fundamental, xa que forma parte dun TODO.

A normativa di : “Elementos transversais da aprendizaxe: Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas”

C.1) ÁREA LINGUA GALEGA E LITERATURA.

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. Xa que logo, aprender lingua é tamén apropiarse dos significados culturais que esta transmite e dos modos en que as persoas do contorno entenden e interpretan a realidade.

C.2) VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

Os Valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social.

A área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos edas nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e implicada na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Desta maneira oriéntase ao alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática; contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. Polo tanto, necesariamente, haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado.

C.3) EDUCACIÓN ARTÍSTICA

Á hora de abordar a Educación artística, que nesta etapa engloba a Educación plástica e a educación musical, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

A proposta estética do espectáculo baséase na utilización de bonecos moi plásticos que transmiten sinxeleza pero delicadamente expresivos, en sintonía cos debuxos do conto orixinal, aínda que enriquecidos con certa contemporaneidade no seu aspecto visual, para gañar en plasticidade estética.

Por outra banda, é de grande relevancia ensinar ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para o facer consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador.

C.4) EDUCACIÓN FÍSICA

A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais.

Axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.



D- PREPARÁNDONOS PARA IR AO TEATRO

É fundamental educar ao espectador/a no feito de ir ao teatro e acudir á representación dun espectáculo artístico polo que antes de marcharmos debemos saber a onde imos e que nos imos atopar aló.

Partes do interior dun teatro:

Escenario: Parte do teatro onde se fan as representacións.

Patio de butacas: Planta baixa fronte ao escenario, onde están as butacas, nun teatro ou cine. É o

lugar desde onde imos ver a función.

Pano: Cortina que nun teatro separa o escenario dos espectadores. Sobe para dar comezo a representación e para finalizala.

Palco: Espazo independente con forma de balcón e varios asentos que hai nos teatros e noutras salas de espectáculos..

Nos diferentes espectáculos artísticos ou teatrais hai unha serie de normas que debemos coñecer e respectar.

PARA SER UN BO ESPECTADOR...

- É bo ter información do que se vai ver.
- Debemos ser puntuais. É preciso chegar con tempo para localizar a nosa butaca.
- O silencio é fundamental para o bo desenvolvemento do traballo dos actores/ actrices, manipuladores...; salvo cando nos piden que interactuemos.
- Se, por algunha causa, tedes que saír da sala, procurade facelo silenciosamente sen molestar aos demais.
- O aplauso é a mellor recompensa para os actores/actrices.

E - ACTIVIDADES PREVIAS A REPRESENTACIÓN


1) Reflexionar e elaborar , en grupo e con consenso normas de comportamento dun xeito oral ou escrito.

2) Resposta as seguintes preguntas:

- Sabes como se chama o teatro ao que imos ir? _____
- Onde está situado? _____
- Por onde se chega a el? _____
- Sabes como se chama a compañía que vas ver? _____
- Xa a coñecías? _____

3) Localiza estas partes no seguinte debuxo:

ESCENARIO
PATIO DE BUTACAS



4) Ordena as accións seguintes:

Aplaudir se nos gustou.

Atención! Apagan as luces... silencio... o espectáculo vai comezar.

Buscar a nosa butaca por fila e número.

Entrar na sala.

Ir ao baño.

Mirar o espectáculo en silencio e con atención.

Saír ordenadamente da sala e observar que non deixamos nada.

Sentar.

Falar do que acabas de ver cos/as compañeiros/as

5) Investigamos:

¿Sabes quen é o autor da peza de teatro que vas ver?

¿Coñeces o conto de “O Cazo de Lorenzo”?

Consulta na biblioteca

¿Que é para ti a diversidade funcional?

¿Somos todos e todas iguais ?

F - ACTIVIDADES POSTERIORES Á REPRESENTACIÓN

1) Debuxa en forma de banda deseñada, relato, debuxo... a historia que vés de ver.

2) Resposta de forma oral ou escrita.

O que máis me gustou é _____

O que menos me gustou é _____

¿Había actores na función? _____ ¿Cantos? _____




¿Cómo eran os títeres? _____

¿Quén os movía? _____

¿Gustouche a escenografía? _____

¿Había luz no escenario? _____

¿Qué arrastra Lola sempre atrás dela?



¿Qué pensan as outras persoas de Lola?

¿Qué cousas lle gusta facer a Lola?

¿Qué música lle gusta escoitar a Lola?

¿Qué cousas lle costa facer a Lola?

¿Alguén axuda a Lola?


¿Cómo lle axuda?

¿Hai alguna cousa que che coste facer a ti?

¿Coñeces a alguén que lle coste facer alguna cousa?

¿Cómo poderías axudalo?

3) Imos colorear un cazo e imos escribir dentro unha cousa que nos coste facer



4) Imos colorear un bolso e imos escribir dentro a cousa ou a persoa que nos pode axudar a superar a nosa dificultade.

